

Resolución do 24 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 10 de outubro de 2019, polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Ourol como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, así como das disposicións normativas contidas no mencionado proxecto.

En cumprimento do disposto no artigo 13.5 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, esta dirección xeral dispón que se publique no Diario Oficial de Galicia o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 10 de outubro de 2019, cuxa parte dispositiva é o seguinte texto literal:

«1ª.- Aprobar definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado Proyecto Sectorial Parque Eólico Ourol, promovido por Greenalia Wind Power Ourol, S.L.U.

2ª.- De conformidade co contido do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de outubro de 1997 polo que se aproba o Plan Eólico de Galicia como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, modificado mediante o acordo do 5 de decembro de 2002, o planeamento no concello de Ourol queda vinculado ás determinacións contidas no proxecto sectorial que se aproba.»

De conformidade co artigo 4 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, publícanse como anexo a esta resolución as disposicións normativas do proxecto sectorial do parque eólico Ourol.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de





xullo , reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces





ANEXO. DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PROXECTO SECTORIAL

1. ANÁLISE DA RELACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO SECTORIAL CO PLAN URBANÍSTICO VIXENTE E PRAZO PARA A ADAPTACIÓN

O parque eólico que se proxecta afecta ao termo municipal de Oulol (Lugo).

Os terreos situados no termo municipal de Oulol réxense polas Normas Subsidiarias de Planeamento do 9 de outubro de 1984. Os terreos afectados están clasificados como Solo Non Urbanizable Non Protexido, Solo Non Urbanizable de Protección Forestal, e Solo Non Urbanizable de Protección de Canles.

Debido a que se trata dun planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, nin á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; segundo a disposición transitoria 1ª apartado 2 da Lei 2/2016, aos terreos afectados pola liña aplicaráselles o réxime de solo rústico establecido na devandita Lei 2/2016.

Acorde coa lei 2/2016, as clasificacións anteriores son equivalentes ás que a nova lei denomina:

- Solo rústico de protección ordinaria
- Solo rústico de protección forestal
- Solo rústico de protección das augas
- Solo rústico de protección de infraestruturas
- Solo rústico de afección patrimonial

1.1. SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA:

Considérase solo rústico de protección ordinaria aos seguintes terreos:

“... a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole.

b) Aqueles que o planeamento estime innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística.”

No apartado 3.5.5.3 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Oulol, establece que o solo non urbanizable non protexido non é susceptible de transformación. Este artigo pode consultarse no anexo nº2 do presente Proxecto Sectorial.

Os terreos ocupados con esta clasificación, corresponden cos viais de acceso, os aeroxeradores e





as súas plataformas de montaxe, e as gabias para a rede de media tensión. Na devandita ordenanza non se especifica este uso para o tipo de solo contemplado.

1.2. SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL:

O solo rústico de protección forestal é o:

“... constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia forestal.”

No apartado 3.5.6 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ourol, refírese a definición e clasificación de solos de protección forestal. Os usos permitidos para cada tipo de solo especificanse no apartado 3.5.6.3, prohibíndose a dedicación destes terreos a usos que impliquen transformación do seu actual destino ou natureza, ou lesionen o seu valor forestal. Este apartado pode consultarse no anexo nº2 do presente Proxecto Sectorial.

Os terreos ocupados con esta clasificación, corresponden coa creación de viais de accesos, os aeroxeradores e a plataforma de montaxe do mesmo, a torre meteorolóxica e as gabias da rede de media tensión. A subestación do parque, así como a zona de provisión tamén se situarán neste tipo de terreo. Nas devanditas ordenanzas non se especifica o uso de parque eólico para este tipo de solo.

1.3. SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS:

Segundo a Lei 2/2016, o solo rústico de protección das augas é o:

“... constituído polos terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano definidos como dominio público hidráulico na respectiva lexislación sectorial, as súas zonas de policía e as zonas de fluxo preferente.”

No apartado 3.5.7 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ourol, refírese a definición e clasificación de solos non urbanizable de protección de canles. Os usos permitidos para cada tipo de solo especificanse no apartado 3.5.7.3, prohibíndose un uso que implique a transformación do seu destino ou natureza ou lesionen o seu valor natural predominante. Este apartado pode consultarse no anexo nº2 do presente Proxecto Sectorial.

Os terreos ocupados con esta clasificación, corresponden coa execución de viais. Nas devanditas ordenanzas non se especifica o uso de parque eólico para este tipo de solo.





1.4. SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS:

Segundo a Lei 2/2016, o solo rústico de protección de infraestruturas é o:

“... constituído polos terreos rústicos destinados ao emprazamento de infraestruturas e as súas zonas de afección, tales como as comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración da auga, as de xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio, conforme a previsión dos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio.”

Dentro das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ourol, non se refire a definición e clasificación de solos non urbanizable de protección de infraestruturas, sendo de aplicación o establecido na Lei 2/2016.

Os terreos ocupados con esta clasificación, corresponden coa execución de viais, concretamente coa execución do acceso desde o vial LU-117. Nas devanditas ordenanzas non se especifica o uso de parque eólico para este tipo de solo.

1.5. SOLO RÚSTICO DE AFECCIÓN PATRIMONIAL:

Segundo a Lei 2/2016, o solo rústico de protección patrimonial é o:

“... constituído polos terreos protexidos pola lexislación de patrimonio cultural.”

Dentro das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ourol, non se refire a definición e clasificación de solos non urbanizable de protección patrimonial, sendo de aplicación o establecido na Lei 2/2016.

Os terreos ocupados con esta clasificación, corresponden co acondicionamento de viais existentes. Nas devanditas ordenanzas non se especifica o uso de parque eólico para este tipo de solo.

1.6. CONCLUSIÓN:

Á vista das cualificacións-clasificacións de solo existentes, obsérvase que nalgúns terreos, a clasificación actual onde se sitúan os elementos do aproveitamento eólico non é adecuada para a futura implantación do mesmo.

Porén, débese ter en conta que os terreos ocupados atópanse recollidos como unha Área de Desenvolvemento Eólico contemplado no Plan Sectorial Eólico de Galicia, prevalecendo este





sobre as Ordenacións Municipais.

Adicionalmente, de acordo aos artigos 36.5 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e o 51.5 do seu regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, en todas as categorías de solo rústico poderanse implantar os usos previstos nos instrumentos de ordenación do territorio, como é o caso deste proxecto sectorial, despois da obtención do título municipal habilitante e sen necesidade de autorización urbanística autonómica.

Desta maneira e de acordo co tipo de cualificacións do solo que se contemplan na Lei 2/2016, e co tipo de infraestrutura que se pretende levar a cabo, ao amparo do Plan Sectorial Eólico, débese cualificar o solo como solo rústico de protección especial de infraestruturas, sendo o seu uso permitido o de parque eólico. Este solo defínese no artigo 34 apartado 2.e da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia:

e. Solo rústico de protección de infraestruturas, constituído polos terreos rústicos destinados ao emprazamento de infraestruturas e as súas zonas de afección, tales como as comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración da auga, as de xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio, conforme a previsión dos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio.

Tal e como se establece no artigo 34.4 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, a nova categoría de solo rústico proposta, superpoñerase, sen desprazar sobre a que ostenten os terreos nos planeamentos para o solo rústico de especial protección, aplicándose os distintos réximes de forma complementaria.

2. REGULACIÓN DETALLADA DO USO PORMENORIZADO

As obras contidas no presente proxecto desenvolvéronse ao amparo do Plan Sectorial Eólico, e aproveitan unha área de desenvolvemento eólico de especial valor enerxético. De acordo con iso faise necesaria a articulación dunha nova categoría de ordenamento de solo dentro da normativa urbanística dos concellos por onde se desenvolve a infraestrutura.

Así, e atendendo ao que estipula a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no artigo 34, a nova cualificación do solo afecto á instalación deberá ser:

Solo rústico de protección de infraestruturas (Solo rústico especialmente protexido), sendo o uso permitido o de parque eólico, e as infraestruturas asociadas ao mesmo





2.1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

A nova cualificación de solo proposta aplicarase ás zonas grafiadas no plano de Ordenación Urbanística Proposta deste proxecto, da seguinte maneira para os distintos elementos do parque eólico:

PARTE DE OBRA	SUPERFICIE CALIFICADA
Aeroxeradores	200 m, distancia a partir da cal o ruído producido por un aeroxerador confúndese co vento
Liñas Eléctricas	As resultantes da aplicación da fórmula $A=1,5 + V(kV)/100$, cun mínimo de 2 m
Edificio de control e subestación	10m
Edificacións secundarias	5m
Redes de condución	3 m a cada lado do eixo da rede, podendo eliminarse nas marxes que discorren paralelos a camiños de servizo.

2.2. CONDICIÓN DE USO E LICENZAS

Nesta categoría de solo permítese a instalación das infraestruturas necesarias, así como as zonas de afección destinadas ao aproveitamento do vento como fonte de produción de enerxía.

As condicións de uso para o solo afectado pola nova clasificación e cualificación serán compatibles coas recollidas na Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

O proxecto construtivo do parque eólico, deberá contar coa correspondente Declaración Ambiental, de acordo co previsto na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia, e coa aprobación do proxecto sectorial, segundo o establecido na Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio. Nos terreos cualificados como solo rústico de protección especial de infraestruturas, permitirase o uso agrícola e gandeiro sempre que non exista afección ou desviación do funcionamento das infraestruturas enerxéticas. En todo caso contemplaranse as seguintes condicións:

- Non se permitirá a existencia de plantacións a menos de 200 m de calquera aeroxerador.





- Non se poderá realizar ningunha edificación nun radio de 200 m de calquera aeroxerador excepto o edificio de control necesario para o funcionamento do parque eólico.

2.3. CONDICIÓN S DE EDIFICACIÓN, ESTÉTICAS E DE SERVIZOS

Recóllense a continuación as condicións que deberán cumprir as infraestruturas que se instalen neste tipo de solo, en referencia á edificación, a estética e os servizos. Así mesmo xustifícase o cumprimento das devanditas condicións polas instalacións para executar no Parque Eólico Ourol.

a. Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

O acceso rodado está garantido polos camiños de acceso proxectados e existentes e cuxa rodadura e condicións de trazado mellórase no presente proxecto, mantendo basicamente o trazado e implantación existente. O ancho do camiño é de 6 m.

As augas residuais xeradas trátanse nunha fosa séptica estanca disposta para ao efecto, que non realizará ningún tipo de vertedura ao medio.

A subministración de enerxía eléctrica está resolto mediante a producida no propio parque e dada a interconexión coa rede a realizar.

Prevese a localización dun contedor para residuos xerados polo persoal de mantemento, a recoller polo mesmo persoal.

O Parque Eólico Ourol estará automatizado de modo que só puntualmente haberá un reducido número de persoas nas instalacións (2-3 persoas), polo que os servizos urbanísticos e as prazas de aparcadoiros previstas serán suficientes nas condicións de funcionamento habitual do parque.





Non se prevé ningunha afección á rede de servizos existente, salvo a mellora dos viais existentes.

b. Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

Con relación á ocupación territorial é de sinalar a escasa incidencia que supón a actuación. A edificación implantase na parcela propiedade do Promotor. A nova actuación permitirá realizar unha ordenación e restauración xeral da parcela e acondicionamento dos accesos, supoñendo neste sentido unha incidencia positiva.

A singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona respectáronse definindo edificios de aspecto e acabado similar a edificacións rústicas da zona (coberta de lousa, acabados de fachada en pedra e volumes únicos).

No que respecta ao patrimonio cultural non existe afección directa, xa que as obras transcorren fóra da zona de cautela dos elementos catalogados próximos. Procederase porén, á sinalización e balizamento do cruceiro existente próximo á zona de obras, afastado uns 50 m, dun vial.

No apartado 4 deste Proxecto Sectorial e de forma máis detallada no Anexo nº1 especificanse as medidas correctoras previstas. Presupuestariamente incorpóranse nun capítulo do Orzamento de execución das obras do Proxecto Construtivo.

c. Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

Segundo citouse respectáronse as tipoloxías tradicionais:

Volumetría: dispónse un corpo único de planta sensiblemente rectangular, de acordo coa edificación residencial e agraria da zona.

A cuberta resólvese a catro augas como a gran maioría das construcións da zona, con lousa do país.





As fachadas resólvense con morteiro monocapa e un acabado de pedra pola parte inferior da fachada, dando un acabado similar a edificios tradicionais da zona.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

O volume da edificación materialízase mediante un corpo único de 25,90 x 10,00 m en planta e 3,50 m de altura útil. Mantén unha composición de planta rectangular, similar á de edificacións tradicionais da zona, casas do rural, sen exceder de forma apreciable os valores habituais.

Os materiais de acabado son similares aos utilizados na zona, pedra en fachada e lousa en cuberta.

A edificación atópase realizada nunha única planta, o que resta impacto visual ao non sobresaír do relevo circundante. A alteración no terreo é a mínima para materializar a implantación nun plano horizontal a nivel do punto máis baixo da parte de parcela ocupada pola edificación.

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se sitúen.

Prevíuse un cerramento de tea metálica simple torsión de 2,75 m de altura, que non resultará opaco, e permitirá unha mellor integración das infraestruturas no contorno.

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin de 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

A altura máxima do edificio é de 5,6 m, medida sobre a fachada principal, ata a coroación da cuberta, inferior en todo caso a 7,00 m e cumprindo o establecido no apartado anterior. Faise necesario alcanzar esta altura en base ás dimensións dos aparellos para situar no interior, e para unha altura de traballo comfortable para os traballadores.

- A distancia ao teito desde o solo non debe ser inferior a 3,00 m segundo o exposto no RD 485/1997.

Establécese unha altura de 3,50 m desde o solo ata o teito. A inclinación da cuberta fai que a altura máxima sexa de 5,6 m, medido sobre a fachada principal.





d. Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

-Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

O apartado m) do citado artigo fai referencia a instalacións de produción e transporte de enerxía. Neste caso, non é necesaria xustificación, xa que o edificio atópase vinculado ao parque eólico, albergando o centro de control deste.

- A superficie mínima da parcela sobre a que se emprazará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1. m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

A parcela ocupada ten unha superficie de 4.382 m². Ademais o edificio proxectado atópase vinculado ao parque eólico, xa que é o seu centro de control, e non se atopa restrinxido ao ser un uso correspondente ao artigo 35.1.m), de produción de enerxía.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. En caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar o 60 % da superficie da parcela e a ampliación dos cemiterios, a totalidade na mesma. Excepcionalmente os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior a estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

A superficie da parcela completa é de 4.382 m², superior aos 2.000 m² esixidos.

A superficie ocupada pola edificación do edificio de control da subestación é:

EDIFICACIÓNS NA PARCELA	SUPERFICIE
Nova edificación subestación	259 m ²
Parcela	4.382 m ²

A superficie ocupada é 5,91 %, menor que o 20 % esixidos.





- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

O edificio atópase dentro da parcela. Realízase nunha planta para lograr unha maior integración paisaxística e un menor impacto visual. O edificio e a subestación sitúanse nunha zona relativamente chaira, para minimizar os movementos de terra necesarios.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.

Cúmprese a distancia mínima de 5 m a bordos ou linderos con outras parcelas ou viais, sendo a distancia mínima de 5 m aproximadamente.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Previuse a implantación minimizando o impacto visual. As plataformas horizontais que quedan se revexetan mediante achega de terra vexetal e plantación de céspede. Utilízase a pedra nos elementos vistos para conseguir unha mellor integración. Limítanse os movementos de terra aos estritamente necesarios.

- Manterase o estado natural dos terreos, ou no seu caso, o uso agrario destes ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

A superficie inalterada da parcela total da parcela é de 2.391 m², o que representa unha porcentaxe do 54,56 % sobre a superficie final da parcela (4.382 m²).

e. Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

f. As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas ás mesmas. Para ese efecto, deberá acreditarse



que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g. As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo ás circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular. Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

A localización elixida é idónea para a actividade para desenvolver en base a:

Os aeroxeradores están situados nunha zona cun gran potencial eólico, suficiente para proporcionar segundo as previsións 3.053 horas equivalentes de produción. As plataformas dos aeroxeradores, sitúanse na súa maioría preto de viais existentes, o que permite unha menor afección ao terreo.

As afeccións visuais causadas polos aeroxeradores son escasas xa que se minimiza a súa visibilidade debido á existencia de pendentes e vexetación no terreo, que forman unha pantalla visual.

Os viais do parque son en parte viarios existentes que haberá que acondicionar, polo que a afección minimízase en gran medida. A lonxitude total de viais é de 5.135 m sendo 677 m correspondentes a viais existentes a acondicionar e 1.939 m de vial existente que se empregará pero que non será necesario acondicionar porque presenta unhas condicións óptimas para o seu emprego.

As canalizacións sitúanse paralelas, na medida do posible, aos viais evitando cruces innecesarios.

A subestación do parque, sitúase nunha zona de fácil acceso, á que se accede a través dun vial interno do parque, para minimizar a necesidade de executar un vial adicional. A subestación



sitúase nun lugar céntrico do parque para conseguir unha lonxitude menor nos cables de maior sección.

A subestación debe de estar localizada preto dos aeroxeradores, para evitar perdas de enerxía debidas ao transporte.

O edificio sitúase próximo á subestación para instalar no seu interior todos os sistemas de control necesarios para o correcto funcionamento do parque.

Con todo iso considérase que o emprazamento é o idóneo para a execución do parque eólico.

A necesidade de situar a instalación no punto de dispoñibilidade do recurso imposibilita, por outra banda a súa implantación en solo urbano.

Acompáñase o Proxecto Sectorial dun cadro no que se resume o cumprimento dos parámetros do artigo 39, da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

3. EFICACIA

As determinacións contidas no presente proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente (Artigo 11 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo).

Así na primeira modificación, revisión ou redacción do seu planeamento, os concellos deberán recoller as determinacións recollidas ao longo do presente Proxecto Sectorial, conforme a calquera dos seguintes fitos:

- A primeira revisión de carácter puntual que por calquera causa acorde o Concello, que obviamente pode ser expresamente para a adaptación que aquí se expón.
- A revisión do planeamento urbanístico municipal vixente.
- A redacción ou adaptación do planeamento urbanístico municipal vixente á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4. CUALIFICACIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS DE MARCADO CARÁCTER TERRITORIAL

O presente Proxecto Sectorial redactouse ao amparo do Plan Sectorial Eólico de Galicia.





No artigo 11.1 do Decreto 80/2000, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais, establécese que:

“As determinacións contidas nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente”.

Así mesmo, segundo o establecido no Artigo 11.4 do mesmo Decreto *“as construcións e instalacións de marcado carácter territorial previstas de modo concreto e detallado nun proxecto sectorial, non necesitarán da autorización urbanística autonómica á que fai referencia o artigo 77.3 da lei 1/1997, do 24 de marzo, do suelo de Galicia.”*

Ante o marco legal que expón a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, estarase ao disposto no Artigo 36.2 da devandita lei, de forma que

“No solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.”

E no seu punto 36.5, a Lei 2/2016 indica: *“Poderán implantarse en solo rústico aqueles usos previstos nos instrumentos de ordenación do territorio, logo da obtención do título municipal habilitante e sen necesidade de autorización urbanística autonómica”.*

